

***CONSELLERÍA DE CULTURA E
DEPORTE***

SECCIÓN 12

1. COMPETENCIAS

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polos Decretos 332/2005, do 18 de agosto, e 454/2005, do 1 de setembro, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Á Consellería de Cultura e Deporte correspóndelle as competencias en materia de promoción cultural, patrimonio cultural, os aspectos vinculables á protección do Camiño de Santiago, e o fomento e promoción da cultura física e o deporte, segundo o establecido no Estatuto de Autonomía.

Os principios recollidos no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, concrétanse nos seguintes puntos:

1. A protección dos Camiños de Santiago.
2. A promoción cultural, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música, e as artes líricas e coreográficas.
3. A protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos e museos de interese de Galicia.
4. O fomento e a promoción da cultura física e o deporte.
5. A promoción cultural dende a plástica, a imaxe e o son co fin de protexer e promocionar a gran creatividade dos galegos, a través do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos á Consellería de Cultura e Deporte:

1. Real Decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.

2. Real Decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
3. Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
4. Real Decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
5. Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
6. Real Decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
7. Real Decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
8. Real Decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
9. Real Decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

Estas competencias asumidas pola Consellería de Cultura e Deporte concrétanse nos seguintes puntos:

1. Arquivos, museos e bibliotecas.
 - A) Creación de arquivos centrais e intermedios, con regulación de transferencias documentais entre os distintos niveis de arquivos, así como a súa valoración, selección e expurgo.

- B) Organización do sistema de museos de Galicia dotando dunha estrutura conceptual e administrativa, desenvolvendo de pleno as funcións que lle son propias: adquisición, conservación, investigación, comunicación, difusión e exhibición do patrimonio que custodian.
- C) Dotación e creación de bases de datos no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, situando neste centro o núcleo da rede informatizada de bibliotecas de Galicia. Organización dos servizos da rede para prestar servizos ás bibliotecas públicas integradas e a centros bibliotecarios non integrados e particulares que o demanden.

2. Teatro, cines e auditorios.

- A) Incentivar as artes de representación nos eidos do teatro, a música e a danza. Creación de espazos para estas actividades nos concellos, contemplando a existencia dos devanditos ámbitos no momento de planificar as novas casas de cultura.
- B) Mellora das infraestruturas físicas existentes mediante a restauración e readaptación, por medio de convenios, dos espazos con que se conta como auditorios, espazos multiusos e outros.
- C) Apoio e fomento ao sector audiovisual, favorecendo o acceso dos novos profesionais á industria audiovisual.
- D) Ampliación ao ámbito das salas cinematográficas da política lingüística, favorecendo a exhibición de cine en galego.
- E) Promover a produción audiovisual en Galicia e a súa difusión tanto dentro como fóra do noso país.

3. Casas de cultura.

A diseminación da poboación galega obriga a utilizar os recursos existentes de xeito que se obteña deles o máximo proveito. En núcleos de escasa poboación deben concebirse infraestruturas que cubran non só as necesidades culturais senón tamén sociais da poboación que vive neles. Para isto estableceranse vías de cooperación con outros departamentos da Xunta de Galicia como Sanidade ou Igualdade e Benestar.

Logo de feitas as infraestruturas promoverase a súa utilización a pleno rendemento, para o cal se impulsará a realización de actividades culturais cunha dobre liña de acción, ben a través de cooperación cos concellos ou ben mediante a realización de actividades programadas directamente pola consellería.

4. Conservación do patrimonio cultural.

- A) Conservación, restauración e acrecentamento, na medida do posible, do patrimonio cultural.
- B) Protección, inventario, restauración e difusión do patrimonio cultural.
- C) Control das actividades arqueolóxicas relacionadas coas competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- D) Aprobación dos plans e proxectos das obras que afecten ao patrimonio arqueolóxico.
- E) Difusión e defensa do patrimonio cultural.
- F) Inventario do patrimonio etnográfico fundamentalmente para elaborar un plan de protección, conservación e difusión.
- G) Estimular a valoración do patrimonio natural de relevancia singular, como conxunto asociado ao patrimonio cultural e ao seu territorio.
- H) Promover a conservación, protección e difusión do patrimonio cultural entre tódalas instancias e institucións públicas e privadas, e polo tanto entre toda a sociedade galega.

5. Creación e difusión cultural.

- A) Dirección e coordinación das grandes liñas de actuación e as medidas para o desenvolvemento da cultura galega nos vindeiros anos, entendida no máis amplo sentido: historia, identidade, redes sociais, valores, creación, coñecemento, innovación, industria... No que se poña de manifesto o compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida do noso país e da súa imaxe no mundo. Primarase, polo tanto, a difusión da cultura galega tanto na nosa sociedade como fóra das nosas fronteiras, facendo un especial esforzo na difusión das actividades dos nosos/as creadores/as.

- B) Promocionar a calidade dos produtos culturais galegos cunha proposta ambiciosa que recolla actuacións en todos os ámbitos e que implique a todos os sectores non só os directamente relacionados senón ao conxunto da sociedade.
- C) Aposta decidida polo libro e as producións literarias en lingua galega.
- D) Creación de medidas para a consideración da cultura galega como marca de calidade do país. Potenciarase a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, converténdose así en carta de presentación de Galicia.
- E) Fomentar o acceso dos galegos/as aos libros e desenvolver unha política activa encamiñada a incrementar os índices de lectura. Poñeranse en funcionamento distintas accións que conduzan ao achegamento dos libros á sociedade, implicando aos creadores, editores, libeiros, administración e as familias, os medios de comunicación, as empresas e o mundo do deporte. Deféndese o libro como un “sector estratéxico” e para o apoio poñerase en marcha un Pacto polo Libro que implique a distintos sectores económicos e sociais.
- F) Promover a tradución do libro escrito en galego a outras linguas, a fin de que poda competir en pé de igualdade no mercado. Ao tempo, apoiarase tamén a tradución de obras da literatura universal ao galego, para que os nosos/as lectores/as teñan acceso desde a nosa lingua.
- G) Creación dun espazo galego da cultura e a comunicación.
- H) Apoio á creación, á produción e á distribución dos produtos culturais.
- I) Fomento da creación artística entre os novos creadores dentro das artes plásticas. Realizarase un especial esforzo na consolidación da obra dos creadores que comezan a súa traxectoria, poñendo as bases para que podan desenvolver os seus proxectos. Neste sentido realizarase un importante labor no tocante á formación en todas as disciplinas artísticas e demais ámbitos do mundo cultural.
- J) Promoción da arte galega nos foros, certames e feiras internacionais de carácter sectorial.
- K) Coordinación e cooperación entre institucións culturais de Galicia a fin de poñer

en relación e en rede todo o que acontece no mundo da cultura. Desde a Consellería de Cultura desenvolverase asimesmo unha ampla política de comunicación con institucións e centros culturais de todo o mundo para conseguir unha mellor circulación dos nosos produtos de cultura e para facilitar a chegada aos nosos centros –teatros, museos, auditorios, centros expositivos... – de grandes producións con distinta procedencia. Primarase o contacto con centros da península pero intentarase tamén iniciar unha relación institucional con distintas entidades de todo o mundo.

- L) Creación dun modelo para a formación cultural nos ámbitos da música, artes escénicas, artes plásticas e literatura.
- M) Recuperación da memoria histórica, co recoñecemento e homenaxe ás persoas que loitaron polas nosas liberdades, pola democracia e por Galicia. O ano 2006 será o “Ano da Memoria” e, con este fin, desenvolverase un amplo programa de actividades dirixidas á investigación, difusión e recoñecemento do que aconteceu tras o golpe militar de 1936, unha época silenciada durante décadas.
- N) Promoción do teatro, a música e a danza galega coa produción de espectáculos con marca de orixe e de calidade de Galicia, como vangarda da proxección exterior da cultura galega.

Creación de canles de comunicación arredor da cultura, e creación dunha ferramenta de acceso á información cultural.

6. Historia, territorio e camiño.

Conservación, rehabilitación e recuperación dos Camiños de Santiago, coa mellora das infraestruturas actuais, concretándose en varias accións:

- A) Acondicionamento de zonas concretas e creación de áreas de descanso en puntos de interese paisaxístico e monumental.
- B) Sinalización dos camiños e dos lugares de interese.
- C) Recuperación e rehabilitación selectiva de tramos doutros camiños.
- D) Promoción e difusión do Camiño de Santiago e das áreas circunscritas aos Camiños de Santiago.

- E) Dinamización socio-cultural e socio-económica das áreas circunscritas aos Camiños de Santiago, a través da promoción do patrimonio cultural asociado ao fenómeno Xacobeo.
- F) Promoción de actividades de apoio e atención ao contorno natural e á paisaxe urbana dos Camiños.
- G) Definición e deseño das rutas culturais, históricas e emblemáticas de Galicia.
- H) Accións concretas a través de congresos e reunións de carácter nacional e internacional.
- I) Colaboración e potenciación das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.
- J) Publicación de libros, folletos, vídeos, discos, etc, relacionados co Camiño e integrados dentro do programa de publicacións da consellería.

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS. (IGAEM)

A Lei 4/1989, do 21 de abril, modificada pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro, crea o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais como un organismo autónomo de carácter comercial dos comprendidos no artigo 11.1 a) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con personalidade xurídica propia e con autonomía administrativa e económica que está adscrito á Consellería de Cultura e Deporte. O IGAEM ten como finalidade a potenciación dunha política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades do teatro, da música e da danza.

Ó IGAEM cumprenlle as seguintes competencias:

Promoción das artes escénicas e musicais, coa realización e produción de espectáculos, organizando a súa distribución e exhibición tanto en Galicia como no exterior. Potenciación da actividade empresarial e contribución á formación técnica e artística dos profesionais do sector. Concertación de convenios e acordos con institucións públicas e privadas e todas aquelas de fomento e difusión das artes escénicas e musicais.

Reforzarase a actividade do IGAEM de maneira que se converta nunha verdadeira plataforma de promoción da actividade escénica e musical de Galicia. Desde o IGAEM promoverase a formación dos profesionais dos espectáculos, o apoio á produción e a dinamización da distribución. Farase especial fincapé nas políticas conducentes a incrementar o público para as producións galegas, tanto no ámbito da música como no teatro ou na danza.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006

2.1 DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL

Correspóndenlle as funcións sinaladas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, así como aquelas conferidas en virtude do Decreto 136/2005, do 18 de agosto.

Entre as súas competencias destacan as funcións de xestión de persoal, control orzamentario, rexistro xeral da Consellería, a contratación de obras e servizos, supervisión de proxectos e elaboración de proxectos de carácter técnico xurídico.

DIRECCIÓN XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL

A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural asume como un dos obxectivos centrais o fortalecemento e desenvolvemento da cultura galega dentro do seu ámbito natural que é Galicia, cunha liña de traballo prioritaria que é a necesidade de ampliar o espazo da cultura galega achegándoa a novos públicos e abrindo vías de intercambio e relación con outras realidades culturais.

Cun riquísimo legado cultural, cun patrimonio material e inmaterial que temos que poñer en valor, en Galicia rexurden neste século XXI modernas creacións culturais

das que nos podemos gabar e que ben poden ser unha óptima carta de presentación fora das nosas fronteiras. Por esta razón, outra das liñas de acción da Consellería será a da proxección e promoción exterior da cultura galega mediante un plan de actuación que dará os primeiros pasos neste ano 2.006.

A cultura galega precisa de conquistar novos espazos deseñando un plan de promoción interior e exterior inteligente, imaginativo, rigoroso e eficaz.

Trátase de converter a cultura galega na nosa denominación de orixe, na marca de identidade e de calidade do noso país, a representación mais requitada da nosa capacidade creativa e innovadora o instrumento máis eficaz para proxectar a nosa imaxe no mundo.

A cultura galega ten que transformarse nun sector económico dinámico e emprendedor que se lance a conquista de novos públicos e novos mercados xa que o éxito desta iniciativa terá unhas moi positivas consecuencias dentro do noso país o incentivar novos proxectos e a dinamización do tecido cultural interno.

Isto plásmase nas accións desenvolvidas directamente pola propia Consellería ou ben mediante o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, con fundacións tanto públicas como privadas, así como con asociacións e federacións culturais que teñan un interés manifesto pola cultura galega.

O desenvolvemento dos nosos propios programas trata de apoiar estes fins.

Obxectivos concretos:

1. Innovación, ampliación e mellora dos equipamentos da rede de bibliotecas de Galicia, e dos servizos que se prestan nelas, coa creación de novas bibliotecas en colaboración cos Concellos e a dotación e equipamento de material e fondos bibliográficos necesarios para o seu funcionamento. Cambio no propio concepto de biblioteca, que fuxa da vella consideración como depósito de libros para se converter en centros culturais activos e dinámicos, con acceso ás novas tecnoloxías, encontro directo cos libros, lugar de lecer con actividades periódicas.

2. Renovación das bibliotecas itinerantes de préstamo para facilitar a lectura aos núcleos de poboación alonxados e que non contan cunha biblioteca.
3. Completar a informatización das bibliotecas de Galicia. Creación dun espazo galego de cultura e comunicación.
4. Impulsar a imaxe do Centro Superior Bibliográfico de Galicia a través das redes e de publicacións impresas e dixitais.
5. Establecemento de vías de colaboración con outros sistemas bibliotecarios para a realización de catalogación de fondos, apertura de seccións do libro galego en bibliotecas do exterior, así como contribuir á difusión e conservación dos fondos de especial interese para Galicia.
6. Divulgación do programa MEIGA en todas as bibliotecas de Galicia, que facilitaría unha rede interconectada de bibliotecas que melloraría a calidade do servizo.
7. Promoción á edición do libro en galego.
8. Axudas á tradución do libro galego a outras linguas e do libro escrito orixinariamente noutras linguas ao galego.
9. Promoción da lectura e do libro, mediante campañas de fomento da lectura e accións puntuais nas datas axeitadas, dentro do sistema escolar e do sistema bibliotecario galego.
10. Promoción do libro galego no exterior mediante a asistencia ás feiras culturais e feiras do libro e exposicións temáticas do libro galego no exterior.
11. Construción e equipamento de infraestruturas culturais, a fin de realizar unha oferta cultural ampla e repartida con posibilidade de acceso de todos os cidadáns.
12. Coordinación e cooperación institucional entre os diferentes organismos, entidades sociais, corporacións locais e asociacións, entre outros, xa existentes e que operan neste campo para poñer en relación e en rede todo o ámbito da cultura, a fin de potenciar o autocoñecemento e a autoestima en termos colectivos e da conciencia de sermos un pobo cunha historia digna de ser coñecida, estudiada e divulgada.
13. Atención preferente á cultura de base e ao asociacionismo cultural coa creación de mecanismos de relación, apoio e desenvolvemento dun sector que foi historicamente decisivo para a continuidade e a transmisión da cultura galega.

14. Concesión do XII Premio das Letras e das Artes de Galicia.
15. Difusión e publicacións culturais, coa realización de congresos e xornadas de estudio sobre persoeiros e temas relevantes no mundo cultural de Galicia.
16. Ano da Memoria, un programa especial de recoñecemento e homenaxe as persoas que loitaron pola liberdade e pola democracia en Galicia. Crearase unha “Comisión da Memoria” e realizarase un amplo programa de actividades dirixidas a investigar e difundir a memoria da represión que se exerceu tras o levantamento militar de 1936, no ano no que se cumpre o setenta aniversario do acontecemento.
17. Publicacións culturais no marco das coleccións aprobadas pola Comisión Permanente de Publicacións.
18. Programación, intercambio e cursos culturais, cuns criterios de bilateralidade e de intercambio en igualdade para difundir a cultura galega no exterior, con organizacións de ciclos e programacións de cultura galega nas principais cidades do Estado, en Portugal e en aqueles países con maior presenza galega. Potenciación de programas especiais centrados en figuras da cultura galega de grande relevancia internacional.
19. Celebración do Día das Letras Galegas adicado a Manuel Lugrís.
20. Promoción exterior, coa apertura de canles de apoio á difusión exterior da nosa cultura, a través de todos os medios que temos a noso dispor e da creación de novas plataformas de exhibición dos nosos produtos culturais. Creación dunha marca internacional da cultura galega que identifique de maneira doada e atractiva os produtos culturais galegos na súa circulación exterior.
21. Promoción do teatro, a música e a danza realizada por artistas galegos cunha potenciación dos circuítos culturais.
22. Fortalecemento das industrias culturais con formación, profesionalización, apoio á distribución e a promoción exterior.
23. Promoción da industria relacionada coa música, co fin de promover a gravación dos nosos artistas así como a súa difusión tanto dentro como fora das nosas fronteiras.
24. Realización de exposicións e potenciación das artes plásticas. Dedicarase unha especial atención á obra dos nosos creadores tanto para a súa exposición en Galicia

como para a súa “exportación” aos museos e centros de arte contemporánea cos que se estableza comunicación.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

1. Protección do patrimonio cultural de Galicia.

Esta liña de actuación vai encamiñada a dotar dos medios e instrumentos necesarios e imprescindibles a cada un dos elementos que conforman o patrimonio cultural de Galicia, de xeito que asegure a súa permanencia e a súa transmisión ás xeracións vindeiras.

Esta actuación céntrase fundamentalmente na realización dos inventarios e catálogos de cada unha das manifestacións do patrimonio, tanto moble como inmobile ou mesmo inmaterial.

Asemade, potenciaranse as tarefas de vixilancia e inspección das intervencións que afecten a bens culturais para asegurar o cumprimento da normativa sobre protección do patrimonio.

2. Conservación do patrimonio cultural de Galicia.

A propia natureza dos elementos que conforman o patrimonio cultural esixe continuos labores de coidado e mantemento para impedir ou minorar a súa degradación, provocada polos diferentes axentes que actúan de forma negativa sobre él.

Trátase pois de actuacións concretas e específicas que precisan de técnicas moitas veces sofisticadas e sempre de acordo coa natureza do ben de que se trate.

Estas actuacións poden concretarse nos distintos niveis:

- A) Limpezas e tratamentos superficiais.
- B) Consolidacións estruturais.
- C) Restauración.
- D) Rehabilitación.

3. Promoción e difusión.

Ten como finalidade facer partícipe á sociedade daqueles valores que son propios do noso patrimonio cultural, promocionando a súa utilización e facilitando o seu disfrute.

Con isto conséguese involucrar á sociedade en temas patrimoniais ao tempo que se crea unha conciencia que achegará grandes beneficios tanto na conservación como na protección do patrimonio e da memoria histórica de Galicia.

4. Patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico e etnográfico:

- A) Realización de inventarios dos distintos elementos que conforman o patrimonio para instrumentar as medidas de protección axeitadas.
- B) Control das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas da Dirección Xeral.
- C) Aprobación de plans e proxectos de obras que afecten ao patrimonio cultural.
- D) Intervencións restauradoras e rehabilitadoras do patrimonio construído, tanto histórico como artístico ou etnográfico.
- E) Difusión das actividades de protección e de intervención sobre o patrimonio cultural.

5. Museos e arquivos.

- A) Xestión de museos e arquivos propios e dos estatais transferidos á Comunidade Autónoma.
- B) Dotación e instalación de museos e arquivos de interese galego.
- C) Adquisición de fondos destinados á colección de museos e arquivos públicos.
- D) Investigación dos fondos depositados en museos e arquivos de interese, tanto públicos como privados.
- E) Labores de catalogación e inventario dos museos e arquivos públicos e privados.
- F) Fomento da difusión do patrimonio cultural depositado nos museos e arquivos.

6. Protección e conservación da Cidade e dos Camiños de Santiago.

- A) Continuación coa elaboración do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia e na súa execución.
- B) Mellora de infraestruturas propias do Camiño ou vencelladas á peregrinación.

- C) Sinalización, recuperación e rehabilitación de diferentes tramos do Camiño.
- D) Acondicionamento e puntos de interese paisaxístico e monumental nos Camiños de Santiago.
- E) Posta en valor de conxuntos históricos e do seu contorno que estean vencellados ao Camiño.

Realizaranse tamén actuacións de colaboración e cooperación, entre as que destacan as seguintes:

- A) Accións de cooperación coa S.A. Xacobeo.
- B) Elaboración de plans de cooperación con organismos doutras comunidades autónomas, estatais e internacionais.
- C) Colaboración co Consorcio da Cidade de Santiago.
- D) Fomento da colaboración entre concellos e institucións relixiosas sobre o Camiño de Santiago.
- E) Potenciación das diferentes asociacións e institucións relacionadas co Camiño.

Así mesmo, entre as actividades de promoción e difusión, pódense subliñar entre outras:

- A) Divulgación e difusión do culto e da cultura xacobeá a través de diferentes actividades como exposicións, mostras promocionais, etc.
- B) Promoción do Camiño de Santiago, e a través deste, de Galicia, nos diferentes concellos galegos.
- C) Promoción do Camiño de Santiago, e a través das oficinas do Estado, no estranxeiro e no resto de España.
- D) Promoción do Camiño nos Centros Galegos no exterior.
- E) Convocatoria de premios e subvencións.
- F) Publicacións.
- G) Apoio ao Plan de seguimento de congresos e afíns, patrocinado polo *Consejo de Europa*, sobre o Camiño de Santiago, co fin de acadar unha máis efectiva participación e un mellor coñecemento e difusión do fenómeno Xacobeo.
- H) Xestión do programa de Iniciativas Comunitarias.

DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE

Os obxectivos primordiais da Dirección Xeral para o Deporte para o ano 2006 son os seguintes:

1. Axustar a legalidade deportiva á realidade e á demanda social.
2. Converter a práctica deportiva nunha actividade cotián dos máis amplos sectores sociais.
3. Apoiar aos axentes deportivos na súa dedicación á promoción e desenvolvemento de actividades deportivas.
4. Elevar o nivel do deporte galego por medio dunha maior atención ás áreas de docencia e formación de técnicos e á de tecnificación e preparación de deportistas.
5. Consolidar a rede de infraestruturas deportivas con especial fincapé nas infraestruturas sectorizadas e de alto nivel.
6. Fomentar e fornecer o deporte base así como apoiar aos deportistas galegos de alto nivel.
7. Impulsar a práctica deportiva libre de comportamentos violentos, dopaxe e calquera outras accións e/ou actitudes contrarias aos valores inherentes ao deporte.

As actividades principais que realizará a Dirección Xeral para o Deporte no ano 2006 son as seguintes:

1. Estudo e revisión da Lei Galega do Deporte e desenvolvemento da súa normativa.
2. A posta en marcha dun plan de dinamización deportiva dedicada á promoción do deporte base, e á mellora da saúde, coa finalidade de lograr unha maior participación dos diferentes sectores sociais, tanto no aspecto competitivo como de formación, fomentando as relacións sociais, persoais, a convivencia, a solidariedade, o espírito de sacrificio e o compañerismo.
3. Campaña de apoio ás distintas disciplinas deportivas mellorando as promocións, infraestruturas, equipamentos e orzamentos.

4. Desenvolvemento do programa “A vela na escola” como actividade promocional do deporte náutico.
5. Cursos e seminarios sobre tecnificación e formación deportiva coa colaboración da Escola Galega do Deporte e do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.
6. Desenvolvemento dun plan de formación para os xestores das federacións deportivas galegas nos diversos ámbitos de actuación.
7. Impulso do programa de tecnificación deportiva para desenvolver e coordinar coas distintas federacións deportivas galegas e clubs mais representativos de cada modalidade, en resposta á necesidade de posibilitar á xuventude da nosa comunidade autónoma o acceso ao deporte de medio e alto nivel.
8. Consolidación da campaña de tecnificación de verán dedicada á realización dun traballo de mellora dos deportistas das diferentes federacións galegas.
9. Execución dos investimentos programados no marco do IV Convenio de cooperación sobre instalacións deportivas, coas Deputacións provinciais e concellos de Galicia.
10. Posta en marcha do plan de construción, mellora e acondicionamento das instalacións deportivas, tanto de titularidade pública (concellos), como daquelas que pertencen a entidades deportivas sen ánimo de lucro (federacións deportivas, clubs, etc), baseadas nas previsións orzamentarias.
11. Mellora de infraestruturas e equipamentos vencellados ás disciplinas deportivas de carácter náutico que contan con destacado arraigo no noso país.
12. Planificación e desenvolvemento de programas deportivos en idade escolar por medio das agrupacións deportivas escolares, federacións deportivas galegas e dos concellos de Galicia.
13. Organización de distintos eventos deportivos: “Olimpiada Escolar”, Campionatos de España de deporte en idade escolar, etc... cara ao fornecemento do deporte base.
14. Consolidación do programa de apoio a deportistas de alto nivel.

15. Organización do Seminario Internacional para a prevención da violencia no deporte, incidindo no estudio dos factores de desenvolvemento desta e nas medidas necesarias para a súa erradicación.
16. Desenvolvemento do Plan Integral para a Prevención da Violencia do Deporte e a elaboración do Código de Conduta Deportiva.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS (IGAEM)

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ten por obxecto a xestión integral –documentación, asesoramento e promoción– do teatro, a música e a danza galegos.

O IGAEM exercerá as seguintes funcións, dentro das liñas de actuación que se contemplan para o ano 2.006:

1. Plan de estabilización do teatro, a abordar cos concellos de Galicia cunha programación plurianual que permita o intercambio de actuacións das diferentes compañías do país.
2. Articulación dunha programación teatral estable e adecuada ao papel que o teatro debería cumprir para o público galego.
3. Fortalecemento da actividade empresarial cun apoio á creación, á produción e á distribución dos produtos feitos nos eidos das artes escénicas e musicais, realizando convenios, coproducións e concertos con empresas artísticas de carácter profesional.
4. Apoio á presenza das industrias culturais galegas nos foros internacionais.
5. Apoio á produción ou coprodución de espectáculos dirixidos ao circuito internacional.

6. Apoio á actividade dun centro de documentación, investigación e divulgación teatral.
7. Atención á formación tanto no ámbito do teatro como na danza e a música e establecemento de relacións cos distintos centros dedicados en Galicia a esta función, co fin de aproveitar enerxías e desenvolver un labor conxunto e complementario.
8. Desenvolver unha infraestrutura e uns equipamentos técnicos axeitados para a realización das actividades obxecto das súas competencias. Suplir, en caso de ser necesario, as carencias de locais públicos para a actividade teatral, por medio de convenios de utilización de locais, tanto doutras institucións, como de entidades públicas ou privadas.
9. Edición e difusión do teatro galego clásico e do teatro galego coterporáneo, así como da investigación e da documentación teatral.
10. Inventariar e catalogar o patrimonio escénico e musical galego.
11. Convenios de colaboración e de patrocinio directo do teatro tanto amateur como profesional.
12. Potenciar a actividade da Escola de Altos Estudos Musicais.
13. Colaboración coas iniciativas de orquestras sinfónicas que existen no país.
14. Fomento e difusión das artes escénicas e musicais.
15. Formación continuada dos profesionais do sector.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 351A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA

1. Descrición.

A finalidade última deste programa é dispor dos medios financeiros precisos para o correcto desenvolvemento da actividade propia desta consellería. Con cargo a este programa vaise financiar a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles: edificios e construcións; así como as campañas publicitarias destinadas a difundir as diversas actividades que se desenvolverán no eido da cultura; e a construción da Cidade da Cultura de Galicia.

2. Actividades.

Comprende o financiamento dos gastos de persoal, arrendamentos de locais, reparacións, material de oficina, subministracións, comunicacións, transporte, seguros, tributos, actividades e indemnizacións por razón de servizos, en resumo todos os gastos necesarios para o bo desenvolvemento dos servizos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 352A. BIBLIOTECAS

1. Descrición.

Os obxectivos do programa de bibliotecas son a formación de persoal adecuado que poida prestar un servizo de calidade, atender a rede de bibliotecas galegas, promocionar e apoiar a difusión do libro galego, o coñecemento do libro galego no exterior e o fomento da lectura na poboación galega. Levarase a cabo, neste ámbito, unha política que conduza a desterrar a vella imaxe da biblioteca como mero depósito de libros para convertela en centros modernos, activos e dinámicos de cultura.

2. Actividades.

1. Bolsas de formación bibliotecaria.
2. Plan de informatización da rede de bibliotecas de Galicia.
3. Equipamento e lotes fundacionais a bibliotecas de nova creación.
4. Informatización do Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Bibliografías e catálogos colectivos.
5. Colaboración coas bibliotecas de especial interese para Galicia.
6. Campañas de achegamento ao libro e de fomento da lectura.
7. Asistencia ás feiras nacionais e internacionais do libro.
8. Apoio ás feiras do libro galego e en Galicia.
9. Axudas á tradución.
10. Apoio á produción do libro galego.
11. Inventario do patrimonio bibliográfico galego.
12. Apoio e promoción da creación.
13. Catalogación, dixitalización e difusión da obra dos creadores galegos.
14. Posta en valor do libro e a escrita en galego.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

PROGRAMA 353A. DIRECCIÓN XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL

1. Descrición.

Os obxectivos deste programa son os de establecer unhas grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, propiciando un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida do noso país e da súa imaxe no mundo.

Este compromiso basease en tres puntos sobre os que xirarán as actividades a desenvolver:

1. Cultura galega e en galego: Cun fortalecemento da cultura galega fronte ás tendencias uniformadoras da globalización, dentro dunha concepción dinámica da cultura, que marcaría unha renovación, actualización, ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e ás novas linguaxes dun mundo en constante movemento, sempre disposta ao diálogo e intercambio arriquecedor con outras realidades culturais.
2. Desenvolvemento das estruturas, dos equipamentos e dos recursos necesarios para facer posible o circuíto da cultura: Cun cambio de prioridades empezando polos proxectos pequenos que encauzarían os grandes proxectos como a Cidade da Cultura, a creación dunha rede nacional de infraestruturas culturais, dando prioridade á formación, á produción e á creación dentro dunha nova programación con orde e detalle, dándolle sentido práctico e de funcionalidade a todos os sectores que interveñen na cultura, en base á coordinación e á colaboración, cun fortalecemento do mercado e o desenvolvemento das industrias culturais.

3. Promoción da consideración da cultura galega como marca de calidade do país, que sexa a carta de presentación de Galicia fora das nosas fronteiras.

2. Actividades.

1. Axudas ás corporacións locais para a realización de actividades culturais.
2. Axudas ás asociacións, federacións e institucións culturais para a realización de actividades no eido da cultura.
3. Axudas á Real Academia Galega.
4. Obras e reparacións nas casas de cultura.
5. Concesión do Premio das Artes e das Letras de Galicia.
6. Realización de circuitos culturais.
7. Programa da Memoria.
8. Programación de congresos, xornadas de estudio e encontros culturais.
9. Promoción da cultura galega no exterior.
10. Programación de intercambio e cursos culturais.
11. Difusión e publicacións culturais.
12. Celebración do Día das Letras Galegas.
13. Intercambios culturais co exterior.
14. Cursos de formación de axentes e xestores culturais.
15. Promoción das artes plásticas.
16. Elaboración de guías culturais.
17. Apoio á creación, produción e distribución dos produtos culturais.
18. Creación de canles de comunicación arredor da cultura.
19. Construción de equipamento e infraestruturas relacionadas cos distintos ámbitos da cultura.
20. Organización de exposicións cunha marcada tendencia de posta en valor dos nosos creadores.
21. Conservación e estudo das coleccións do CGAC.
22. Difusión do patrimonio cultural do CGAC.

- 23. Creación dun fondo bibliográfico especializado no CGAC.
- 24. Creación da súa propia colección de arte no CGAC.
- 25. Promoción das artes plásticas en colaboración con entidades privadas.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

PROGRAMA 354A. TEATRO, MÚSICA E DANZA

1. Descrición.

O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas.

No programa potencianse novos proxectos dentro das actividades dos Circuitos Culturais en cooperación cos concellos de Galicia.

Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

Este programa financia tamén o funcionamento do IGAEM.

2. Actividades.

- 1. Realización do programa dos Circuitos Culturais e outros programas de cooperación cos concellos de Galicia en diversas áreas:
 - A) Teatro profesional e aleccionado.
 - B) Música clásica.
 - C) Música folk, jazz, pop,...
 - D) Danza.

- E) Bandas de música tradicionais.
 - F) Corais.
 - G) Grupos de gaitas.
 - H) Actividades artísticas, conferencias, encontros...
2. Promoción á edición discográfica e ás industrias relacionadas coa música.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

PROGRAMA 357A. EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS

1. Descrición.

Apoio e difusión da arte galega en todas as súas manifestacións tanto en Galicia como no exterior.

Trátase de promocionar aos artistas galegos cunha especial atención ás novas tendencias e proxectos de vangarda e aos novos creadores.

2. Actividades.

1. Realización de exposicións de artistas galegos cunha traxectoria destacada facendo fincapé na obra dos clásicos esquecidos pero tamén na promoción dos novos valores.
2. Promoción da arte galega no exterior.
3. Presencia nas feiras de arte nacionais e internacionais.
4. Promoción das artes plásticas coa realización de convenios con entidades culturais.
5. Recuperación da nosa memoria.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

PROGRAMA 352B. ARQUIVOS E MUSEOS

1. Descrición.

A través deste programa trátase de conseguir que os arquivos de Galicia sexan centros eficaces e dinámicos, custodios do patrimonio documental galego como portador da memoria histórica e como garantía dos dereitos e deberes da Administración e dos cidadáns, polo tanto ao seu servizo. Son da súa competencia non só os arquivos públicos de calquera institución, senón tamén os privados e o patrimonio documental en xeral.

No referente a museos, o obxectivo é o de acadar un maior coñecemento do patrimonio moble galego para poder protexelo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega, de hoxe e de onte. O seu campo de acción é o patrimonio moble, estea ou non depositado en museos, e sempre vencellado e contextualizado no seu contorno xeográfico e no seu contexto histórico. Funcionalmente ten asumida a xestión dos museos estatais transferidos, a creación de museos propios e a tutela de todo o patrimonio moble en xeral.

2. Actividades.

1. Continuar a realización do inventario do patrimonio documental galego como parte do patrimonio cultural.
2. Dotación en infraestruturas e equipamento dos arquivos dependentes da Consellería de Cultura e Deporte, para o cumprimento das súas funcións de conservar, organizar e servir a documentación neles depositada.

3. Apoio aos arquivos dependentes doutras institucións públicas ou privadas, en cumprimento do deber de tutela e protección que sobre o seu patrimonio ten a Administración autonómica.
4. Organización de exposicións dos fondos documentais custodiados.
5. Incremento do patrimonio documental, a través das adquisicións e fomentando as doazóns e depósitos en arquivos para a utilización e satisfacción colectivas.
6. Realización de cursos, coloquios, congresos e outras actividades semellantes encamiñadas á formación de especialistas en arquivística.
7. Difusión do patrimonio documental galego a través de publicacións e outros actos divulgativos.
8. Continuar a realización do inventario xeral do patrimonio moble de Galicia, considerado como instrumento básico de control e polo tanto de protección de devanditos bens.
9. Dinamizar os museos dependentes da Xunta de Galicia como centros de investigación da cultura galega.
10. Potenciación de museos que cubran aspectos representativos da identidade de Galicia.
11. Axudas ao desenvolvemento das institucións museísticas doutras institucións públicas ou privadas para o pleno funcionamento como centros integrados na realidade cultural do seu territorio.
12. Organización de exposicións científicas de promoción e divulgación do patrimonio moble nas súas diversas manifestacións.
13. Elaboración de publicacións dos instrumentos de control e documentación dos bens mobles.
14. Cursos, coloquios, conferencias, congresos, encamiñados á formación de especialistas en patrimonio moble.
15. Difusión das actuacións da Administración no campo do patrimonio moble.
16. Incremento do patrimonio moble, a través de adquisicións e fomentando as doazóns e depósitos en museos para a utilización e satisfacción.
17. Dotación en infraestrutura e equipamento aos museos dependentes da consellería,

para o cumprimento das súas funcións de conservar, organizar e conservar o patrimonio moble neles depositado, en relación co seu contorno xeográfico e o seu contexto histórico.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

PROGRAMA 353D. XACOBEO

1. Descrición.

O obxectivo do programa Xacobeo é a atención das necesidades relacionadas cos Camiños de Santiago en Galicia, tanto as referidas á conservación do patrimonio cultural como á súa promoción e difusión.

2. Actividades

1. Medidas referidas á delimitación dos Camiños así como información e sinalización.
2. Conservación e valorización do patrimonio cultural dos Camiños, incluído o propio camiño físico e o seu medio ambiente natural.
3. Dinamización cultural, incluída a organización de actos en localidades e cidades dos Camiños e o apoio á creación artística de tema xacobeo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

PROGRAMA 356A. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a conservación, acrecentemento e difusión do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, atendendo aos obxectivos básicos:

1. Restauración de bens de interese cultural (BIC) significativos, subvencións a concellos e outros organismos públicos para a protección e atención ao denso patrimonio histórico situado na súa demarcación.
2. Restauración e posta en valor e uso social e cultural do patrimonio eclesiástico. Continuación do plan de estudo e difusión do inmenso, rico e diverso patrimonio arqueolóxico e etnográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Implantación da Rede do Patrimonio Arqueolóxico de Galicia.

2. Actividades.

1. Investigación arqueolóxica e etnográfica mediante axudas e subvencións a institucións públicas e privadas co único obxectivo de conservar, protexer e recuperar o noso patrimonio cultural.
2. Intervención no patrimonio arquitectónico de Galicia.
3. Proxectos, informes, dirección e traballos de urxencia no patrimonio cultural de Galicia.
4. Intervencións en depósitos arqueolóxicos de interese para Galicia co fin de proceder a unha exhaustiva investigación e a recuperación destes para a posta en rendibilidade socio-cultural.
5. Creación e posta en funcionamento de parques arqueolóxicos.
6. Promoción e difusión do patrimonio cultural galego.
7. Convenios e axudas encamiñadas á protección, conservación e recuperación do

patrimonio histórico-artístico de Galicia.

8. Convenios, axudas e subvencións a institucións públicas e privadas encamiñadas á protección, conservación e difusión do patrimonio cultural nas súas diversas manifestacións.
9. Actuacións no Marco da Iniciativa Comunitaria: INTERREG III. Subprograma: Galicia-Norte de Portugal (singularmente, o Proxecto de Fortalezas Transfronterizas).

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

PROGRAMA 355A. FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

1. Descrición.

A actuación deste centro directivo ten como guieiro o desenvolvemento do tecido deportivo a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de infraestrutura e de actividade deportiva: a mellora e dotación de novas instalacións aos concellos e entidades de fomento do deporte, o apoio aos axentes deportivos na promoción do deporte, o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte e a xeralización da actividade deportiva entre a xente nova.

2. Actividades.

Os obxectivos marcados conseguiranse a través das diferentes actividades programadas:

1. Realizar os investimentos programados no marco do IV Convenio de cooperación sobre instalacións deportivas coas deputacións provinciais e os concellos de Galicia.

2. As previsións orzamentarias permitirán poñer en marcha un plan de reforma, mellora e acondicionamento das instalacións deportivas, tanto de titularidade pública (concellos), como daquelas que pertencen a entidades deportivas sen ánimo de lucro (federacións deportivas, clubs, etc).
3. Campaña de apoio á actividade náutica. Mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados a estas disciplinas deportivas, que contan con destacado arraigo no noso país.
4. Axudas económicas ás federacións, clubs e asociacións deportivas galegas que pretenden colaborar no cofinanciamento dos gastos que xera o seu funcionamento e a actividade deportiva que organizan e promoven.
5. Desenvolvemento de programas deportivos en idade escolar por medio das agrupacións deportivas escolares e dos concellos de Galicia.
6. Cursos, reunións e seminarios sobre tecnificación e formación deportiva coa colaboración da Escola Galega de Deporte e do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, impulsando un plan de formación para os xestores das federacións deportivas galegas, nos diversos ámbitos de actuacións (xestión, contabilidade, mecenazgo).
7. Consolidar o programa de apoio a deportistas de alto nivel.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral para o Deporte.

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición.

Inclúese neste programa o financiamento que a Consellería de Cultura e Deporte proporciona ao organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (IGE) para o

cumprimento das súas finalidades, de acordo co establecido na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de creación deste.

2. Actividades.

Operacións de transmisión de información co Instituto Galego de Estatística para colaborar na execución do Plan Galego de Estatística.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

3.1.2 Do organismo autónomo

PROGRAMA 354A. TEATRO MÚSICA E DANZA

1. Descrición.

O fin deste programa é o de promover as artes escénicas e musicais.

Preténdese promover o desenvolvemento do teatro, a música e a danza cun apoio decidido aos novos espectáculos e realizar unha rentabel e boa distribución nos circuitos culturais e na rede de teatro e auditorios de Galicia.

Este programa financia o funcionamento do IGAEM.

2. Actividades.

1. Producción de espectáculos de teatro, música e danza.
2. Distribución dos espectáculos.
3. Formación dos profesionais do sector.
4. Potenciación dun centro de documentación e arquivo das artes escénicas e musicais.

5. Utilización da rede galega de teatros e auditorios.
6. Publicacións de libros de teatro, danza e partituras musicais.
7. Gravacións e edicións de videos e discos dos espectáculos producidos e distribuídos polo IGAEM.
8. Convenios e concertos con empresa privadas co fin de incentivar a actividade ecultural no campo das artes escénicas e musicais.

3. Órgano encargado da súa execución.

IGAEM.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS					
	01	02	03	04	90	TOTAL
351A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	59.119,6					59.119,6
352A BIBLIOTECAS		4.524,4				4.524,4
352B ARQUIVOS E MUSEOS			4.686,4			4.686,4
353A PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL		23.525,3				23.525,3
353B AUDIOVISUAIS		5.500,5				5.500,5
353D XACOBEO			1.970,2			1.970,2
354A TEATRO, MÚSICA E DANZA		1.528,0			7.812,1	9.340,1
355A FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA				34.819,1		34.819,1
356A PATRIMONIO HISTORICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO			20.996,5			20.996,5
357A EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS		575,0				575,0
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	150,4			8,4		158,8
TOTAL	59.270,0	35.653,2	27.653,0	34.827,5	7.812,1	165.215,8

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS					
	I	II	IV	VI	VII	TOTAL
351A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	4.457,3	4.350,2	1.141,6	1.170,5	48.000,0	59.119,6
352A BIBLIOTECAS			234,4	3.953,0	337,0	4.524,4
352B ARQUIVOS E MUSEOS			376,0	2.695,4	1.615,0	4.686,4
353A PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL	5.499,4	519,0	2.016,5	5.196,7	10.293,6	23.525,3
353B AUDIOVISUAIS				500,5	5.000,0	5.500,5
353D XACOBEO			420,3	1.549,8		1.970,2
354A TEATRO, MÚSICA E DANZA	2.022,7	732,5	191,3	6.393,7		9.340,1
355A FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	2.922,4	2.568,8	12.260,7	13.846,6	3.220,6	34.819,1
356A PATRIMONIO HISTORICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO	7.917,3			11.093,2	1.986,0	20.996,5
357A EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS				575,0		575,0
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				158,8		158,8
						0,0
						0,0
TOTAL	22.819,2	8.170,4	16.640,8	47.133,2	70.452,2	165.215,8

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2006
Cap. I	Persoal	4.457,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	4.350,2
Cap. IV	Transferencias correntes	1.141,6
Cap. VI	Investimentos reais	1.320,9
Cap. VII	Transferencias de capital	48.000,0
TOTAL		59.270,0

(Miles de euros)

02	D. X. DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	2006
Cap. I	Persoal	5.499,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	519,0
Cap. IV	Transferencias correntes	2.250,9
Cap. VI	Investimentos reais	11.753,2
Cap. VII	Transferencias de capital	15.630,6
TOTAL		35.653,2

(Miles de euros)

03	D. X. DE PATRIMONIO CULTURAL	2006
Cap. I	Persoal	7.917,3
Cap. IV	Transferencias correntes	796,3
Cap. VI	Investimentos reais	15.338,4
Cap. VII	Transferencias de capital	3.601,0
TOTAL		27.653,0

(Miles de euros)

04	D. X. PARA O DEPORTE	2006
Cap. I	Persoal	2.922,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.568,8
Cap. IV	Transferencias correntes	12.260,7
Cap. VI	Investimentos reais	13.855,0
Cap. VII	Transferencias de capital	3.220,6
TOTAL		34.827,5

(Miles de euros)

90	IGAEM	2006
Cap. I	Persoal	2.022,7
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	732,5
Cap. IV	Transferencias correntes	191,3
Cap. VI	Investimentos reais	4.865,7
TOTAL		7.812,1

(Miles de euros)

SERVIZO	2006
01 SECRETARÍA XERAL	59.270,0
02 D. X. DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	35.653,2
03 D. X. DE PATRIMONIO CULTURAL	27.653,0
04 D. X. PARA O DEPORTE	34.827,5
90 IGAEM	7.812,1
TOTAL	165.215,8

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	20.796,5	2.022,7		22.819,2
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	7.437,9	732,5		8.170,4
Cap. IV Transferencias correntes	19.395,9	191,3	2.946,4	16.640,8
OPERACIÓNS CORRENTES	47.630,4	2.946,4	2.946,4	47.630,4
Cap. VI Investimentos reais	42.267,6	4.865,7		47.133,2
Cap. VII Transferencias de capital	74.897,2		4.445,0	70.452,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL	117.164,7	4.865,7	4.445,0	117.585,4
TOTAL BRUTO	164.795,1	7.812,1	7.391,4	
TOTAL CONSOLIDADO	164.795,1	7.812,1	7.391,4	165.215,8

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA	1.240,0	48.000,0	49.240,0

Medios persoais

Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	9
<i>Persoal funcionario</i>	419
Grupo A	172
Grupo B	69
Grupo C	78
Grupo D	68
Grupo E	32
<i>Persoal laboral</i>	345
Grupo I	21
Grupo II	27
Grupo III	21
Grupo IV	98
Grupo V	177
Grupo VIII	1
TOTAL	773

Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais

	2006
<i>Persoal funcionario</i>	3
Grupo B	1
Grupo E	2
<i>Persoal laboral</i>	67
Grupo I	5
Grupo II	7
Grupo III	22
Grupo IV	26
Grupo V	1
Grupo VIII	6
TOTAL	70

